

LECTURA SOBRE A ALIMENTACIÓN

AS CARIES

Lucía estaba nerviosa. Esa mesma tarde tiña unha cita para visitar o dentista.

Hai poucos días, na revisión médica do colexio, unha doutora que lle examinou a boca encontroulle unha carie nunha das moas. Aconselloulle visitar o dentista.

Lucía estaba un pouco preocupada. Xa lle caerán varios dentes do leite e non quería que os novos que lle saíran tamén caesen.

A doutora preguntoulle se lavaba os dentes a miúdo. Lucía contestou que unha vez ao día. A médica explicoulle que non era abondo: debía facelo despois de cada comida para limpar os restos de alimentos que quedan retidos na dentadura.

Lucía entendeu a importancia de lavar os dentes e , desde ese día, cepíllaos sempre despois de comer calquera alimento.

1.- Por que estaba nerviosa Lucía? Contesta.

.....

Sentes nervios cando visitas o dentista? Por que?

.....

2.- Explica por que Lucía debía visitar o dentista.

.....

.....

3.- Que son as caries? Pensa e marca a afirmación correcta.

- Cortes cos labios provocados pola humidade e o sol.
- Danos nos dentes provocados por restos de alimentos retidos entre eles.
- Feridas na lingua producidas por mordela cos dentes.

4.- Que son os dentes do leite?

.....

Conservamos os dentes do leite toda a vida? Explica

.....

.....

5.- Por que debemos lavar os dentes despois de cada comida?

.....

.....

6.- Por que debemos visitar o dentista, aínda que non nos doian os dentes?

.....

.....

.....